



A Coruña, 20 de xaneiro do 2022

Estimadas familias:

Dirixímonos a vostedes para que nos coñezan :

O **IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)**, é un centro público, no que desenvolvemos unha ensinanza de calidade, baseada nunha serie de principios dos que destacamos:

- Formación integral das persoas. Formamos o noso alumnado para o exercicio dunha cidadanía participativa e crítica. Incidimos na importancia dos hábitos de vida saudable, coa impartición dunha materia en 1º de ESO para reforzar dita idea.
- Preparámoslos para que unha vez rematado o Ensino Secundario Obrigatorio se incorporen a estudos posteriores.

Todo isto é posible porque contamos cun profesorado altamente capacitado con experiencia didáctica e educativa.

Poñemos especial atención na aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, das que ofertamos: INGLÉS, FRANCÉS, e ALEMÁN que o noso alumnado estuda dentro do horario escolar. Así como seccións bilingües ( inglés) matemáticas en 1º e 2º , tecnoloxía en 3º de ESO.

Contamos tamén cunha Biblioteca escolar que funciona a pleno rendemento e que esta adscrita ao **Plan de Bibliotecas Escolares** que promove a Consellería de Educación. Así mesmo, neste curso temos o **Club de Lectura Entre Liñas ; Club de letras e Club de Ciencias** nos que participan alumnado, pais, nais, profesorado e persoal non docente.

Dado que aquí dispomos de 120 prazas para 1º da ESO, podemos, con toda seguridade, garantirles que terán praza todos os alumnos que a soliciten.

O horario de clases é, para o alumnado da ESO, de 8:30 a 14:10 todos os días e a tarde do martes de 16:20 a 18:00 horas.

O alumnado da ESO (1º, 2º, 3º e 4º) non pode saír do Centro durante toda a xornada escolar. O control de asistencia a clase lévase diariamente e as faltas son comunicadas ás familias para a súa información permanente.

Se queren ter unha información máis detallada sobre o noso centro poden visitar a nosa páxina: <http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>

**Aproveito a ocasión para convidalos a unha xornada de portas abertas que terá lugar no noso centro o próximo martes 1 de febreiro, ás 20:00 horas, no salón de actos. . So poderá asistir unha persoa por familia**

A directora

32448542G MARÍA ESTRELLA PÉREZ  
(R: Q6555289E)

Firmado digitalmente por  
32448542G MARÍA ESTRELLA  
PÉREZ (R: Q6555289E)  
Fecha: 2022.01.24 09:35:27  
+01'00'

Asdo. M<sup>a</sup> Estrella Pérez Freire